



Teaching Guide				
Identifying Data				2020/21
Subject (*)	Clinical Nursing III	Code	750G01017	
Study programme	Grao en Enfermaría			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	Yearly	Third	Obligatory	9
Language	Spanish			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Ciencias da Saúde			
Coordinador	Pérez Castro, Teresa Rosalía	E-mail	t.perez@udc.es	
Lecturers	Gago García, Esther Pérez Castro, Teresa Rosalía	E-mail	e.gago@udc.es t.perez@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
General description	A asignatura de Enfermaría Clínica III pertence ó Grao en Enfermaría, desenrolándose no terceiro curso, con carácter anual. Ten asignados 9 créditos, o que supón 225 horas de carga lectiva para o alumno. Os principais temas ou núcleos de coñecemento abarcan alteracións neurolóxicas, cardiolóxicas, inmunolóxicas, hematolóxicas, dos sentidos (oftalmolóxicas, auditivas), da pel, e a atención a doentes en estado crítico, partindo dunha base anatómica e fisiolóxica. O propósito desta materia é capacitar ao estudante para identificar as principais alteracións de saúde nas persoas adultas, as súas consecuencias a nivel persoal, familiar e comunitario; planificar e avaliar os coidados de enfermaría, adaptándoos ó ámbito de actuación profesional, sendo o obxectivo dos coidados conseguir o maior grao de independencia das persoas			
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modifications to the contents 2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy 			

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A15	Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado.
A34	Coñecer as alteracións de saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas distintas fases.
A35	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
A36	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.
A37	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
A38	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
A39	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.



B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo.
B21	Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Learning outcomes	
Learning outcomes	Study programme competences / results



Identificar as alteracións de saúde da persoa adulta: factores que inflúen, mecanismos fisiopatolóxicos, manifestacións, os métodos diagnósticos e tratamentos médicos e cirúrxicos específicos	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B13 B14 B16 B19 B21 B24	C3 C4 C6 C8 C10 C11 C12
Identificar as necesidades de coidado en persoas adultas con problemas de saúde, e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos	A34 A35	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B15 B16	C1 C3 C6 C11
Identificar os diagnósticos de enfermmería e complicacións potenciais en persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.	A34 A35 A36	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B24	C1 C3 C6 C8 C11



Planificar cuidados de enfermaría en persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.	A34 A35 A36 A37 A38 A39	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B21 B24	C1 C3 C6 C7 C8 C10 C11
Identificar os procesos patolóxicos que desencadenan riscos vitais	A15 A34 A35	B1 B2 B3 B4 B8 B9	C1 C3 C11
Identificar as necesidades de cuidados das persoas adultas en situación crítica e as súas familias e planificar cuidados de enfermaría para as persoas adultas en situación crítica e as familias	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B12 B13 B14 B16 B21	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C12

Contents	
Topic	Sub-topic
MÓDULO I: COIDADOS DE ENFERMARÍA A DOENTES EN ESTADO CRÍTICO	COIDADOS DE ENFERMARÍA A DOENTES EN ESTADO CRÍTICO
TEMA 1: Características das Unidades de Cuidados Intensivos.	1.1: Definición. Clasificación dos niveis asistenciais hospitalarios 1.2: Organización, xestión, recursos e estrutura física 1.3: Seguridade e calidade 1.4: Dereitos e garantías do paciente
TEMA 2: Procedimientos especiais: monitoraxe e rexistros	2.1: Monitoraxe. Tipos, obxectivos. 2.2: Rexistros



TEMA 3: Shock	<ul style="list-style-type: none">3.1: Concepto e fases3.2: Como detectar un shock? Clínica e diagnóstico etiolóxico3.3: Clases de shock3.4: Monitoraxe no shock.3.4: Manexo terapéutico3.5: Papel da enfermaría
TEMA 4: Traumatismos Torácicos	<ul style="list-style-type: none">4.1: Valoración clínica4.2: Clasificación do TT4.3: Complicacións e secuelas4.4: Probas de imaxe e tratamento quirúrxico4.5: Oxigenoterapia. Drenaxe pleural4.6: Incentivadores4.7: Gasometrías arteriais
TEMA 5: Traumatismos Abdominais	<ul style="list-style-type: none">5.1: Clasificación do TA5.2: Fisiopatoloxía do TA5.3: Valoración do doente con TA5.4: Probas específicas abdominais5.5: Manexo do paciente con TA5.6: Laparotomía5.7: Presión intra-abdominal5.8: Manexo da dor abdominal
TEMA 6: Traumatismos Cranioencefálicos	<ul style="list-style-type: none">6.1: Clasificación do TCE6.2: Avaliación e reanimación do TCE grave6.3: Protocolo terapéutico6.4: Monitoraxe e tratamento6.5: Profilaxe e apoio nutricional no doente con TCE
TEMA 7: Intoxicacións Agudas	<ul style="list-style-type: none">7.1: Definición de intoxicación7.2: Clasificación de tóxicos7.3: Causas de intoxicación7.4: Avaliación das Intoxicacións agudas7.5: Tratamento das Intoxicacións agudas
TEMA 8: O gran queimado	<ul style="list-style-type: none">8.1: Definicións8.2: Fisiopatoloxía8.3: Clasificación das queimaduras8.4: Manexo do queimado8.5: Tratamento xeral e específico8.6: Tratamento das lesións por queimadura
MÓDULO II: ALTERACIÓNS DE SAÚDE EN ADULTOS	ALTERACIÓNS DE SAÚDE EN ADULTOS
TEMA 9: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Neurolóxicas	<ul style="list-style-type: none">9.1: Observación e valoración do paciente con alteracións do sistema nervioso.9.2: Técnicas diagnósticas en Neuroloxía9.3: Epilepsia9.4: Accidente cerebro-vascular agudo (ACVA)9.5: Meninxite9.6: Tumores cerebrais9.7: Enfermidades da medula espinal. Hernia de disco



TEMA 10: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Cardíacas	10.1: Insuficiencia coronaria 10.2: Insuficiencia cardíaca. 10.3: Endocardite infecciosa. 10.4: Enfermidades do pericardio 10.5: Tromboembolismo pulmonar 10.6: Trastornos do ritmo cardíaco relacionados con PCR
TEMA 11: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Hematolóxicas	11.1: Métodos diagnósticos 11.2: Anemias 11.3: Leucemias. 11.4: Linfomas. 11.5: Aplasia medular. 11.6. Trastornos da hemostasia
TEMA 12: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Inmunolóxicas	12.1: Autoinmunidade e enfermidades autoinmunes 12.2: Síndrome de inmunodeficiencia adquirida. Infección VIH/SIDA 12.3: Transplante de órganos e tecidos 12.4: Enfermidades autoinmunes: Lupus eritematoso. Artrite reumatoide
TEMA 13: Atención de enfermaría a doentes con alteracións Oftalmolóxicas	13.1: Anatomía do Aparello Ocular 13.2: Métodos diagnósticos. Exame e valoración física. Probas diagnósticas 13.3: Principais alteracións das pálpebras 13.4: Principais alteracións das vías lagrimales 13.5: Principais alteracións da conjuntiva: Conjuntivitis 13.6: Principais alteracións da córnea: Queratitis. Traumatismos. Queratoplastia. 13.7: Principais alteracións do cristalino: Cataratas 13.8: Principais alteracións da cámara anterior do ollo. Glaucoma: Tipos, etiología, manifestacións clínicas, tratamento. 13.9: Principais alteracións da mácula: MAE, DMAE 13.10: Principais alteracións da retina: Desprendemento de retina. Retinopatía diabética. 13.11: Traumatismos oculares
TEMA 14: Atención de enfermaría a doentes con alteracións da pel	14.1: Recordo anatomo-fisiolóxico 14.2: Alteracións dérmicas: dermatite 14.3: Úlceras por presión 14.4: Tumorações

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B5 B7 B8 B12 B14 B15 B16 B19 B24 C4 C7 C10 C11	32	32	64
Seminar	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B21 B24 C1 C3 C6 C7 C8 C10 C11 C12	31	31	62



Case study	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B24 B21 B16 B14 B13 B12 B11 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C6 C7 C10 C11 C12	0	10	10
Workbook	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B4 B11 B21 C6 C7 C8 C11	8	11	19
Objective test	A15 A34 A35 A36 A38 B1 B3 B21 C3 C4 C6 C11	0	15	15
Multiple-choice questions	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B2 B3	2	49	51
Personalized attention		4	0	4

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Exposición oral con apoio audiovisual na que, a partir dunha base anatómico-fisiolóxica, desenvolveranse os temas que comprende a materia, co fin de transmitir coñecementos acerca das principais alteracións de saúde no adulto e facilitar no alumno unha base teórica que contribúa á toma de decisións, priorización de problemas, e á planificación do seu traballo
Seminar	Metodoloxía de aprendizaxe orientada a un nivel máis práctico, na que, a partir do estudo dun tema, o grupo adquira coñecementos e poida, en base a iso, expor unha discusión, hipótese ou presentar opcións de resolución de casos. Nos seminarios promoverase a participación individual e colaborativa. Poderanse realizar nos seminarios escenarios de simulación relacionados cos temas tratados na materia, para iso é posible que se modifique a estrutura dos grupos de traballo
Case study	Actividade na que, unha vez adquiridos os coñecementos necesarios e facilitada documentación complementaria que contribúa á formación, expónse casos clínicos (situacións reais da actividade profesional) para que o alumno trate de analizar a situación, comprendela, e expoña as accións que considere para resolver o problema. Este traballo exporase de forma individual ou en pequenos grupos, coa finalidade de desenvolver tanto capacidades autónomas como interpersoais dentro dun equipo.
Workbook	Conxunto de textos, artigos científicos, guías de práctica clínica, que se seleccionan tanto para que o alumno desenvolver capacidade de análise como para complementar os coñecementos adquiridos. Mediante estas lecturas, téntase que o alumno se afaga á procura de información a partir das bases de datos e que se conciencie da importancia da formación continuada e da investigación para o desenvolvemento das súas funcións.
Objective test	Tratarase dunha "proba do coñecemento dos temas" a través de metodoloxía online co fin de facer avaliación continúa.
Multiple-choice questions	Proba de resposta múltiple: Proba obxectiva de carácter evaluativo que integra preguntas de resposta múltiple referidas aos contidos desenvolvidos a través das distintas metodoloxías durante o curso. Probas de coñecemento dos temas: Proba obxectiva de carácter evaluativo por tema



Personalized attention

Methodologies	Description
Case study Multiple-choice questions Workbook	<p>A atención personalizada para as metodoloxías consistirá no seguimento por parte do profesor do proceso de aprendizaxe do alumnado para cada caso clínico ou lectura proposto, de tal forma que este tempo contribúa a orientar e a apoiar os avances por parte do alumno. Esta atención farase telemáticamente a través de Moodle ou Teams de forma individual ou en pequeno grupo, mediante a supervisión dos arquivos que proporcionen os alumnos ante o requirimento do profesor sobre o tema que se estea a tratar.</p> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a ?Norma que regula o Réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grao na UDC? (Arts 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/2012). Este alumnado desenvolverá a súa actividade coa participación nas dinámicas propostas para a materia descritas para os Estudos de Casos e as Lecturas, tendo en conta a flexibilidade de asistencia-participación e os requisitos para superar a materia</p> <p>MECANISMOS DE ATENCIÓN PERSONALIZADA Ó ALUMNADO</p> <p>? MOODLE para resolución de dudas a través do correo ou do Foro de dudas. Frecuencia: según demanda</p> <p>? TEAMS para tutorías virtuais, mantendo os mesmos horarios que estaban marcados para as tutorías presenciais, ou en caso de ser necesario, adaptando os horarios para facilitar as reunións. Máximo 1 h semanal por alumno que o solicite.</p>

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
---------------	------------------------	-------------	---------------



Case study	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B24 B21 B16 B14 B13 B12 B11 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C6 C7 C10 C11 C12	<p>Nos estudos de casos exporanse aos alumnos casos clínicos prácticos relacionados cos temas da materia, mediante sistema de pregunta-resposta curta, proporcionando no caso de que sexa necesaria documentación ou outro material para facilitar o seu enchemento e ampliar os coñecementos.</p> <p>Valorarase a capacidade para relacionar o coñecemento xeral dos temas desenvolvidos nas Sesións Maxistras e os Seminarios con problemas concretos, a capacidade de análise e comprensión da situación, así como a capacidade de interacción dentro do grupo e as achegas durante o proceso de reflexión no traballo en grupo no caso de que os casos cínicos non se resolvan de forma individual.</p> <p>Os Casos Clínicos exporanse a través da plataforma Moodle e o alumno terá que facer entrega a través da mesma plataforma, e dentro do prazo sinalado, e seguindo as ?Normas de presentación de Casos Clínicos e Lecturas? da súa proposta para a resolución do caso exposto.</p> <p>A entrega dos estudos de casos é obrigatoria. Quedan excluídos desta obrigatoriedade os alumnos de matrícula parcial con exención de asistencia, que deberán realizar as actividades que se lle indiquen e entregalas no momento sinalado; esta programación realizarase cando se presente o caso. Os traballos que non se presenten en tempo e forma non serán avaliados</p> <p>As actividades relacionadas cos estudos de casos son de carácter sumativo e non se poden recuperar ou substituír por outras actividades da materia, conformándose así unha avaliación continua da aprendizaxe. Ao longo do curso, realizaranse un total de 3 estudos de casos, nas datas establecidas no cronograma da materia.</p> <p>Para a superación da materia é necesaria a entrega do 100% dos estudos, e acadar unha nota como mínimo de 5 puntos, resultante do cálculo da media de puntuacións dos traballos. Os traballos non entregados puntuaranse como ?0? puntos á hora de facer o cálculo da nota dos estudos. No caso de non presentar o 100% dos casos, este apartado computará como 0 puntos no cálculo da puntuación da materia, sen posibilidade de superación da mesma, e terá que presentarse en 2ª oportunidade.</p> <p>Cada estudo de casos ten unha puntuación máxima de 10. Supoñerán o 30% da cualificación final</p>	30
------------	--	---	----



Multiple-choice questions	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B2 B3	<p>Realizaranse dúas probas escritas (parciais) cada unha nun tempo de 30 minutos:</p> <ul style="list-style-type: none">- 1ª proba escrita: coincidindo unha semana despois de finalizar o Módulo I (Atención de Enfermaría a persoas en Estado Crítico).- 2ª proba escrita: unha semana despois de finalizar o Módulo II <p>A proba final realizarase coincidindo coa data oficial publicada na páxina web da Facultade.</p> <p>As dúas probas constarán de 30 preguntas por módulo tipo test (4 alternativas de resposta, cunha soa resposta válida) e realizaranse de forma presencial sempre que a situación o permita a través da plataforma Moodle. En caso de non poder facerse de forma presencial faranse telemáticamente de forma síncrona na hora marcada a través de Moodle, e con participación obrigatoria na sesión que se creará en Teams para ese fin, coa cámara e o sonido acendidos. Os contidos que se avaliarán nestas dúas probas serán os desenvolvidos durante as sesións maxistrais, os seminarios, os estudos de casos e as lecturas científicas.</p> <p>As dúas probas escritas, en caso de ser superadas, liberan materia ata a convocatoria de XULLO dese curso académico. Se na convocatoria de Xullo o alumno non logrou superar as 2 probas escritas, deberá examinarse da materia completa na seguinte convocatoria.</p> <p>Cada proba posúe un valor de 10 puntos e para superalo o alumno debe alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 en cada unha das probas.</p> <p>A nota final da proba de resposta múltiple calcularase facendo unha media aritmética da cualificación obtida nas dúas probas escritas a condición de que en ambas as probas obtéñase a cualificación mínima esixida (unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10).</p> <p>Estas probas supoñerán o 40% da cualificación final.</p> <p>Fórmula para o cálculo da puntuación: Puntuación = nº de acertos - nº erros/4.</p>	40
Objective test	A15 A34 A35 A36 A38 B1 B3 B21 C3 C4 C6 C11	<p>Probas de coñecemento dos temas: Realizarase 1 proba por tema tipo Test de 10 preguntas con 4 opcións de resposta a través da plataforma Moodle relacionada con coñecementos dos temas. Cada proba terá unha puntuación máxima de 10 puntos, e para a superación da material será necesaria a entrega do 100% das probas propostas. Para a superación desta parte, o alumno terá que acadar unha media de 5 ou máis puntos. Se non se acadase o 100% da entrega das probas de coñecemento dos temas, a nota deste apartado será de 0 puntos e impedirá a superación da material.</p> <p>Supoñerá o 20% da cualificación final</p>	20



Workbook	A15 A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B4 B11 B21 C6 C7 C8 C11	<p>Nas actividades de Lectura proporcionaranse aos alumnos Artigos Científicos relacionados cos temas expostos nas Clases Maxistras ou Seminarios, de tal forma que o alumno terá que facer unha lectura crítica dos mesmos.</p> <p>Do mesmo xeito que nos Estudos de Casos, valorarase o nivel de conceptos adquirido polo alumno, a claridade de ideas e a capacidade do alumno para chegar a expresar un criterio propio sobre o texto proposto, tentando que este se base na mellor Evidencia Científica que exista sobre o tema desenvolvido.</p> <p>Realizaranse un total de 2 lecturas ao longo do curso.</p> <p>A entrega das lecturas é de carácter obrigatorio, e non se poderán recuperar ou substituír por outras actividades. Teñen un carácter sumativo. Poderanse substituír as lecturas por outro tipo de traballos.</p> <p>Cada actividade de lectura ten unha puntuación máxima de 10. Supoñerá o 15% da cualificación final</p>	10
----------	---	--	----

Assessment comments



Tanto os estudos de casos como as lecturas ou outros traballos solicitados cuxa nota sexa menor de 5 poderán ser presentados de novo para poder superalos. Para iso terán como límite 10 días desde que sexa comunicada a nota. Neste caso a nota máxima a conseguir será de 5 puntos sobre 10. Sendo unha materia de carácter obrigatorio, será necesaria a asistencia ás sesións maxistras e seminarios (virtuais ou presenciais) e a entrega do 100% dos estudos de casos e lecturas e das probas de avaliación dos temas para a superación da materia. En caso de que o alumno non chegue a ditas porcentaxes, a puntuación destes apartados será de 0 puntos. No caso de non poder acudir a unha sesión maxistral ou virtual @alumn@ terá que certificar a súa ausencia e se a causa que a produce pode anticiparse, notifícalo tamén con antelación. Non Presentado : no acta de cualificacións figurará como Non presentado (N.P.) aquel alumno que non se presente á proba escrita final.

Matrícula de honra : será outorgada automaticamente aos 3 alumnos que alcancen a maior cualificación, sempre que esta sexa igual ou superior a 9,0. No caso de que exista maior número de alumnos que matrículas de honra asignadas á materia, previa solicitude por escrito dos alumnos interesados, programarase, en hora e data acordada polos interesados, a realización dun exame tipo proba obxectiva para asignar as matrículas de honra ás mellores cualificacións

Oportunidade adiantada : será condición necesaria para superar a materia:

- Superar unha proba escrita coincidindo coa data oficial da materia ao finalizar o curso. A proba constará de 30 preguntas tipo test con 4 alternativas de resposta nas que só unha opción é válida. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos. Será necesaria unha puntuación =5 puntos para a superación da proba. Supoñerá o 40% da nota final.
 - A cualificación dos casos prácticos será substituída por un único traballo que posuirá unha cualificación máxima de 10 puntos. Supoñerá o 60% da nota final.
 - Para superar a materia é necesario obter unha avaliación favorable (puntuación de 5 na proba escrita e no traballo presentado). Os 5 restantes son sumativos pero non son obrigatorios.
 - Fórmula para o cálculo da puntuación: $\text{Puntuación} = \frac{\text{n}^\circ \text{ de acertos}}{\text{n}^\circ \text{ erros} + 4}$. As respostas non contestadas non puntuán
- Alumnos con matrícula a tempo parcial sen exención de asistencia :

- Realizaranse as mesmas probas de resposta múltiple, estudos de casos, lecturas e probas de coñecemento dos temas que para o resto dos alumnos. Os contidos que se avaliarán neste exame serán os desenvolvidos durante as sesións maxistras, os seminarios, os estudos de casos e as lecturas. O primeiro exame parcial realizarase ao finalizar o módulo 1. Este exame en caso de ser superado libera materia en convocatoria de Xuño e Xullo dese curso académico. Para liberar materia o alumno debe alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 sobre 10. En caso de non superalo o alumno poderá repetir esta proba na convocatoria de Xuño ou Xullo. Achegará o 40% da puntuación total da materia.
- Fórmula para o cálculo da puntuación: $\text{Puntuación} = \frac{\text{n}^\circ \text{ de acertos}}{\text{n}^\circ \text{ erros} + 4}$. As respostas non contestadas non puntuán
- Ao longo do curso, os alumnos deberán presentar os estudos de casos e lecturas propostas polo profesor a través da plataforma Moodle. Cada estudo de caso terá un valor máximo de 10 puntos e achegarán o 25% do total da nota final. Cada lectura terá un valor máximo de 10 puntos e achegarán o 15% do total da nota final.

Alumnos con matrícula parcial e exención de asistencia . Realizarán:

- 2 probas de resposta múltiple a través de Moodle de forma telemática, con conexión a través de Teams mediante vídeo. A proba constará de 30 preguntas tipo test con 4 alternativas de resposta nas que só unha opción é válida. Os contidos que se avaliarán neste exame serán os desenvolvidos durante as sesións maxistras, os seminarios, os estudos de casos e as lecturas. O primeiro exame parcial realizarase ao finalizar o módulo 1.

Este exame en caso de ser superado libera materia en convocatoria de Xuño e Xullo dese curso académico. A puntuación máxima de cada proba será de 10 puntos. Para liberar materia o alumno debe alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 sobre 10. Supoñerán o 40% da nota final.

- Un traballo sobre un tema relacionado co programa da materia, e a defensa do mesmo será oral (a data da entrega do traballo e a defensa oral publicarase na plataforma Moodle) de forma non presencial a través da plataforma Teams. O traballo posúe un valor de 10 puntos e supoñerá o 60% da nota final. Este traballo virá substituír as probas de coñecemento, os estudos de casos e as lecturas traballados durante o curso.

O traballo entregarase unha semana antes da proba de resposta múltiple a través de Moodle proposta polas docentes da materia.

Segunda oportunidade :

Os alumnos que na 1ª oportunidade non superasen algunha das partes da avaliación (Probas de resposta múltiple/ Casos clínicos e lecturas/ Probas de coñecemento dos temas), teranse que presentar en 2ª oportunidade da parte non superada. No caso de que as partes non superadas sexan os casos clínicos e lecturas, a puntuación máxima destes será de 5 puntos, e será necesaria a presentación do 100% dos casos e lecturas. En caso de que a presentación sexa inferior o 100%, non se poderá superar a asignatura, e este apartado computará como 0 puntos para o cálculo da nota da asignatura.



Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - BULECHEK GLORIA M, BUTCHER HOWARD K, DOCHTERMAN JOANNE&nbsp;M,&nbsp;WAGNER&nbsp;CHERYL M (2014). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). Barcelona: Elsevier - FARRERAS / ROZMAN (2004). Medicina Interna. (2 vol.). Madrid: Elsevier - LINDNER U, DUBIN D. (2005). Introducción a la electrocardiografía: Método autodidacta de interpretación de ECG. . Barcelona: Masson - LUIS RODRIGO MT. (2013). Diagnósticos Enfermeros. Revisión y guía práctica. Barcelona: Elsevier - MOORHEAD S, JOHNSON M, MERIDEAN LM, SWANSON E (2014). Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC). . Barcelona: Elsevier - (2013). NANDA Internacional. Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2012-2014. Madrid: Elsevier <p>Sociedad Española de Medicina Intensiva, Crítica y Unidades Coronarias: http://www.semicuc.org Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia: http://061.sergas.es http://www.fisterra.com/ http://biblioteca.sergas.esSEEIUC.FEMORAhttp://hws.vhebron.net/formacion-BZero/index.htmlhttp://hws.vhebron.net/formacion-Nzero/index.htmlhttp://hws.vhebron.net/itu-zero/index.asphttps://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/sepse-o-codigo-sepse?idioma=es Revistas: Enfermería clínica Metas de Enfermería Nursing Rol de enfermería Index de enfermería Enfermería intensiva.</p>
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Anatomy/750G01001
 Biology/750G01002
 Information and Communication Systems in Health Science/750G01004
 Fisiología I/750G01005
 Cuidados Básicos en Enfermería/750G01006
 Fundamentos da Enfermería/750G01007
 Nutrition/750G01009
 Physiology II/750G01010
 Pharmacology/750G01011
 Health Risk Situations and Radiology/750G01013
 Professional Ethics, Legal Framework and Philosophy of Care/750G01016
 Clinical Placement I/750G01025
 Clinical Placement II/750G01026
 Clinical Nursing I/750G01034
 Physiology/750G01105

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Community Nursing II/750G01019
 Gerontological Nursing/750G01020
 Management of Nursing Services/750G01021
 Clinical Placement V/750G01029
 Practicum/750G01032

Subjects that continue the syllabus

Clinical Placement IV/750G01028

Other comments



Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.- Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.